



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE BALEIRA, CERVANTES, FOLGOSO DO COUREL, O INCIO, NAVIA DE SUARNA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, AS NOGAIS, PEDRAFITA DO CEBREIRO, SAMOS E TRIACASTELA PARA A POSTA EN MARCHA DO SERVIZO DE BIBLIOTECA MÓBIL NA PROVINCIA DE LUGO

### Ámbito competencial

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Neste sentido, no seu artigo 16 establece que lle corresponde a proposta e definición das condicións técnicas das instalacións e servizos utilizados nas bibliotecas de uso público, así como dos proxectos de creación de novas bibliotecas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Ademais establece que as mallas de territorio que non sexan atendidas por bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas centrais municipais, bibliotecas de proximidade e bibliotecas locais deberán ser obxecto de atención por servizos bibliotecarios móbiles.

O artigo 16 da citada lei, establece que os núcleos de menos de 2.000 habitantes poderán ser atendidos por servizos bibliotecarios móbiles, que teñen como finalidade ofrecer o servizo de lectura pública en zonas onde non haxa punto de servizo fixo.

Con este fin, procederase á posta en marcha de servizos de biblioteca móbil en varios concellos das provincias de Lugo e Ourense.

### Descrición da operación

Preténdese formalizar un convenio que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e dez concellos da provincia de Lugo de menos de 2.000 habitantes, nos que se implementará o servizo de biblioteca móbil.

### Obxectivo do convenio

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre as partes asinantes para a posta en marcha do servizo de biblioteca móbil da provincia de Lugo





dentro da Rede de Bibliotecas de Galicia, así como o establecemento dos dereitos e das obrigas que, derivadas da dita posta en marcha, lles corresponden a cada unha das partes asinantes.

O servizo de biblioteca móbil da provincia de Lugo é o instrumento que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pon ao dispor dos concellos asinantes coa finalidade de mellorar a carta de servizos que ofrecen á veciñanza no seu conxunto.

### **Importe e tipoloxía dos fondos económicos**

A execución deste convenio non supón novos compromisos económicos adicionais para as partes asinantes diferentes aos que poidan asumir a través dos seus medios propios e mediante as aplicacións orzamentarias ordinarias que faciliten o seu funcionamento.

A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos orzamentos actuais nin terá repercusión en exercicios futuros. Os gastos derivados da posta en marcha da biblioteca móbil instrumentaranse a través dos correspondentes procedementos e instrumentos xurídicos con cargo aos orzamentos ordinarios da Consellería.

### **Xustificación da necesidade de asinar o convenio**

Por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades maniféstase especial interese en asinar este convenio co obxecto de establecer o marco de colaboración da Xunta de Galicia cos concellos asinantes para a posta en marcha do servizo de biblioteca móbil, para que estes poidan mellorar a carta de servizos que ofrecen á veciñanza no seu conxunto.

A Xunta de Galicia comprométese a implantar e manter o servizo, dotalo dos recursos que sexan necesarios para o seu correcto funcionamento, sen prexuízo das obrigas que lle correspondan aos concellos. Así mesmo coordinará cos concellos asinantes os aspectos necesarios para acadar a prestación de servizos bibliotecarios de calidade no seu territorio e obrígase a colaborar solidariamente e intercambiar toda a información que atinxe á posta en marcha do servizo.

Pola súa parte, os concellos asinantes poñen de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do servizo de biblioteca móbil e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias.

Os concellos comprométese a colaborar coa consellería e co resto de concellos asinantes na posta en marcha do servizo, prestar apoio loxístico e funcional municipal ao servizo de biblioteca móbil, dar cobertura municipal ao servizo para permitir o seu normal desenvolvemento, comunicar todas cantas modificacións ou incidencias que se produzan no territorio municipal en relación ao servizo e nomear unha persoa interlocutora entre o servizo, o concello e a consellería.





Ademais, de entre o grupo de concellos asinantes establecerase un que funcionará como base loxística do servizo bibliotecario móbil, ao que lle corresponden as obrigas xerais e ademais asumirá obrigas específicas: dotar a biblioteca móbil dun espazo municipal onde establecer a base do servizo para toda a comarca e que funcione como oficina, proporcionar un espazo municipal para garaxe, asumir os gastos correntes que se xeren nos espazos municipais empregados pola biblioteca móbil, prestar asistencia a través de medios propios para garantir a recollida e envío de materiais da biblioteca móbil e coordinar os servizos municipais para a resolución de incidencias que poidan xurdir nos espazos municipais nos que se preste o servizo.

### **Normativa aplicable:**

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Artigo 24 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 21 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Polo tanto, **trátase da formalización dun convenio que carece de repercusión económica polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas económicas** por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Santiago de Compostela

O director xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

